

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

LECTURAS DE VERÁN

A paisaxe das letras

O verán é tempo de lecer e de lectura pois, aínda que semella un contrasentido, moita xente agarda polas vacacións para ler. Sen tentar resolver os interrogantes sociolóxicos que me suxire este tópico, quero agora congratularme dese vencello feliz que cada ano me permite establecer *TEMPOS Novos* entre vagar e lectura. Nas liñas que seguen, **Dolores Vilavedra** ofrécenos as súas propostas de lectura para o tempo vacacional.

- 10:20 24/08/2005

Deixamos arrombadas nunha paréntese que ten moito de limbo a lectura por obriga, a lectura-militante, a lectura-ostentación...e mergullámonos de cabeza na lectura-pracer, na lectura-ocio, na lectura-por-que-si. Na lectura feliz.

Dende logo, hai un libro para cada lector, e mesmo un para cada situación. Permítanme que lles presenta algúns.

Narrativa

Para os que gustan da lectura demorada, para aqueles que resisten a abandonar mundos e personaxes, dúas novas entregas -as segundas- de senllas triloxías: Ramiro Fonte con *Os ollos da ponte* (Xerais) e Xavier Alcalá con *Nas catacumbas* (Galaxia), dous libros que só se parecen nesa condición episódica, e na súa extensión. Se o de Fonte parte da memoria individual para reconstruír un fragmento da memoria colectiva do seu Pontedeume natal, Alcalá renuncia a priori a calquera narcisismo autorial para darlle voz a un protagonista-narrador que se erixe na cabeza visible da comunidade evanxélica galega porque a vida, que nos conta, a súa, é unha máis e, ó tempo, suma de tantas outras vidas anónimas que resistiron á intolerancia relixiosa do franquismo.

E por extensión que non quede con *A república dos sonhos* (Galaxia) da brasileira Nélida Piñón. Este verán pode ser unha boa ocasión para mergullarse nas máis de novecentas páxinas dunha novela na que hai algo de cada un de nós, deses nosos devanceiros que deixaron a terra na procura dun sonho. Congratulémonos coa recente concesión do Premio Príncipe de Asturias das Letras a unha muller que espella esa identidade híbrida, mestiza, que os galegos aínda temos que aprender a reivindicar. E deixémonos levar por esta enxurrada de historias e ficcións.

Nunha clave ben distinta, que non sei se cualificar de fantástica, onírica ou superrealista, sitúase a novela

gañadora do último Premio Blanco Amor, *Dentro da illa* (Galaxia) de Dolores Ruiz. Nela achéganos ó mundo do mar, mais a un mar ben diferente do que adoito imaxinamos como parte dos praceres estivais: un mar misterioso, hostil e engaiolante a un tempo, como certos amores prohibidos. Un mar que ten un protagonismo implícito, pois realmente a acción transcorre por unha banda nunha illa, e por outra na intimidade da protagonista, pero que está sempre aí, deitando unha luz fría sobre os personaxes e creando o clima bretemoso onde imaxinamos posibles historias como esta.

Unha visión diferente do mar é a que nos dá Xabier Paz nas súas *Follas do bacallau* (Xerais). Biólogo de profesión, o autor artella o libro como un caderno de bitácora redactado por quen deita unha mirada proteica sobre ese entorno reducido que é o do pesqueiro. Unha marea vista polos ollos do home que le, traballa, confraterniza e padece saudades, pero tamén descrita por quen, coñecendo e amando a natureza, sabe revelarnos os segredos que agocha para os profanos e fácelo cunha linguaxe comprensible, dotando ós tecnicismos imprescindibles dunha certa connotación épica. E, por riba (ou por baixo) de todo iso, o ecoar das voces dos mariñeiros, a sombra dos seus degoros e frustracións: eles, tan ausentes nas nosas letras, recuperados nestas páxinas como protagonistas da gran epopea galega, esa sempre por escribir.

Banda deseñada

Xa noutras ocasións defendemos nas páxinas desta revista as posibilidades que ofrece a banda deseñada como espazo de lectura susceptible de concitar o encontro xeracional. Pois ben, este verán poden tentalo de novo sen medo a equivocarse porque nin *Fiz nos biosbardos* nin *A mansión dos Pampín* lles defraudarán. O primeiro rescata para BD Banda un personaxe creado por Kiko da Silva na defunta *Golfiño*, Fiz, un escachapedras porcalheiro que seduce por igual a nenos e adultos (ben, só a algúns adultos...que non se esqueceron aínda de ser nenos) e que xa botabamos de menos. O libro complementase cunha interesante entrevista que Germám Ermida lle fai ó autor e que ben poder servir para que os profanos coñezamos un pouco mellor o mundo da BD, a traxectoria deste creador e como naceu Fiz.

O segundo é da autoría do veterano Miguelanxo Prado, quen nesta ocasión pon a súa habilidade como debuxante e como guionista ó servizo do Proxectoterra, un proxecto que o Colexio Oficial de Arquitectos dirixe á Educación Secundaria Obrigatoria. Miguelanxo Prado toma as precaucións precisas para que a finalidade didáctica non abafe o pracer da lectura, e abofé que o consegue cunha historieta divertida pero que tamén pode ser útil para abrírnos os ollos cara ó que nos rodea.

Poesía

En poesía, dous libros imprescindibles: [i+Na selva de Esm (Espiral maior) de Xosé Luís Méndez Ferrín e *É* de Manuel Outeiriño (Galaxia). O primeiro constitúe unha valiosísima achega para a configuración do corpus ferriniano, tanto máis importante cando estamos perante un autor que fai gala decote de despreocupación pola súa obra. Ademais do seu primeiro libro, *Voce na néboa*, recupéranse agora algúns poemas superviventes de libros perdidos (¿perdidos?) e, polo mesmo, xa míticos. Engádense os textos de carpetas de tiraxe moi reducida e desde agora accesibles ó gran público, como son as series "Homes e illas", "Morte de Amadís" ou "Erótica" ademais da que para min contén o melloriño do libro: "O outro". Finalmente, a colectánea habitual nestes casos de poemas soltos, reunidos aquí baixo o título de "Extravagantes". En definitiva, o Ferrín de sempre (mellor dicir, os ferrines de sempre: artúrico, trobadoresco, oteriano, combativo...) nun libro cuxo valor aumentará co tempo.

En canto ó libro de Outeiriño, faíscas de intelixencia para combater o desgaste das palabras. Un poemario tenso e denso, que se vale dos xogos metalingüísticos e intertextuais para retardar a lectura e para obrigarnos a reparar no peso específico da lingua, para facer da retórica un xogo que nos rescate da alienación e da

submisión. Un desafío.

E para os que gustan de manxares requintados, o sempre inqueda Xavier Queipo volve á poesía cuns *Glosarios* (Espiral maior) nos que amosa unha vez máis a súa inquebrantable vontade de superar as tradicionais fronteiras entre os xéneros, e eu diría mesmo que a de suxerirnos novos paradigmas de lectura, a de obrigarnos a pescudar nas súas verbas dimensións agochadas trala palabra poética.

Aínda que a primeira sección do libro (a propiamente titulada "Glosarios") non resulta de lectura doada pola súa densidade substantiva e polo empeño do autor en indagar as posibilidades evocativas do léxico científico, aconséllolles que non desmaien e verán o seu esforzo premiado por esa delicia que son os "Falsos haikus de Chicago"; poucos autores comparten con tan xenerosa inocencia as súas investigacións e descubertas literarias cos seus lectores anónimos como fai aquí Queipo. E, se pensan viaxar a Londres este verán, fãgano acompañados desa persoalísima guía que constitúen os poemas de "Londres en abril".

O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (agosto 2005, nº 99)